

Ordenanza reguladora da taxa pola utilización do CENTRO DE DÍA
Acordo Pleno: 22.09.2000.
Publicación : BOP nº. 260 de 11.11.00.

MODIFICACIÓN TAXA POLO SERVICIO DO CENTRO DE DÍA

- ⇒ Acordo Pleno: 19.12.2002.
⇒ Publicación BOP nº. 33 do 10.02.2003.

PUBLICACIÓN DOS ARTIGOS MODIFICADOS: nº. 3º. 4º.6º e 12º QUE QUEDAN DO SEGUINTE XEITO:

Art. 3.- Servicios ofertados no Centro de Día.

O Centro de Día ten por obxecto presta-los seguintes servicios:

- Atención social continua, que permita ó usuario un acollemento, orientación e asesoramento fronte ás súas necesidades.
- Atencions de carácter psicosocial e educativo: refírese ás intervencións técnico-profesionais, formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais e afectivas, á convivencia e á integración na comunidade onde se desenvolve a vida do usuario, motivación á participación e actividades sociais, así como apoio á estruturación familiar e alivio do coidador principal.

Está dirixido ás persoas con dificultade ou deficienciasna autonomía persoal para poder desenvolverse normalmente nos seus domicilios, para procura-lo seu benestar físico, psíquico ou psicolóxico, proporcionándolle-la posibilidade de continuar no seu entorno natural.

O Centro de Día ofreceralle unha atención integral e polivalente ós usuarios e abarcará distintas necesidades do individuo, apoiando e estimulando os aspectos da relación humana, a autoestima e mellora das condicións de vida.

- *Aloxamento:* Estancia nas dependencias do Centro de Día, en horario de 11:00 a.m. ás 19:00 p.m. horas, situado na Residencia Xeriátrica “San Martiño” da Fundación San Rosendo, salvo aquelas dependencias destinadas ás habitacións-dormitorio dos propios internos da Residencia Xeriátrica “San Martiño”, estando incluído o mantemento e limpeza del.
- *Manutención:* Comida e merenda, co fin de garanti-la achega dietética e calórica necesaria, estipulada no prezo que a Fundación “ San Rosendo” acorde anualmente segundo a súa regulación interna.
- *Atención especializada de xeriatria e enfermería:* Mediante a colaboración da propia ATS da Residencia “San Martiño” e a labor desempeñada pola auxiliar de clínica do centro.
- *Rehabilitación e atención social:* Esta actividade ten por obxecto que o usuario-cliente mellore as aptitudes funcionais, psicolóxicas e psicomotrices, para conseguir fomenta-la súa saúde, previr problemas dexenerativos que

orixinen deformidades e fomenta-las capacidades residuais. Deste xeito o usuario-cliente con algún déficit consegue a máxima adaptación a nivel físico, psicolóxico e social de forma que lle permita vivir unha vida tan útil e satisfactoria como lle sexa posible.

- *Terapia ocupacional e outro tipo de actividades:* Normalmente, coa chegada dos 65 anos os maiores rematan a súa actividade laboral e profesional coa conseguinte alteración social. O cambio de fase de actividade ó ocio total acaba producindo un proceso desadaptativo que dexenera en situación de illamento e soidade con marxinación social e familiar.

Por este motivo as actividades de animación coa terceira idade intentan crear accións que den axilidade mental e corporal, nos que eles sexan protagonistas do seu propio proceso, favorecendo entre outros a mellora da autoestima.

- *Servicio de hixiene persoal.*
- *Cafetería.*
- *Sala de tv.*
- *Sala de descanso.*

Art.4.- Prezo polas prestacións do servicio.

Para a determinación concreta da achega dos usuarios, este Concello desenvolve o seguinte baremo:

RENDA MENSUAL PER CÁPITA	ACHEGA ECONÓMICA
Ata 330,56 €	36,06 €
De 330,57 a 390,66 €	51,09 €
De 390,67 a 450,76 €	66,11 €
De 450,77 a 510,86 €	81,14 €
De 510,87 a 570,96 €	96,16 €
De 570,97 a 631,06 €	111,19 €
De 631,07 a 691,16 €	126,21 €
De 691,17 a 751,26 €	141,24 €
Máis de 751,27 €	156,26 €

*** Valorarase pola Comisión Social Avaliadora a inclusión daqueles casos con carácter excepcional nos que o usuario non posúa ningún tipo de ingresos ou recurso, nin posibilidade de axuda externa por parte da familia ou calquera outra persoa, para facer fronte ó pagamento do servicio.**

Este baremo será aplicable na súa totalidade (100%) no caso de disfrutar da xornada completa durante todo o mes. No caso de que a estancia do usuario teña unha redución horaria do total ofertado, a súa aportación económica tamén se verá reducida, en función do tempo disfrutado neste servicio, aplicándoselle a porcentaxe correspondente da cuota mensual.

Tamén se contemplará unha redución porcentual para os casos de varios beneficiarios que formen parte da mesma unidade familiar. Deste modo a redución queda reflexada da seguinte maneira:

- Para un só beneficiario o coste do servizo será o 100% da cuota mensual que lle corresponda.
- Para dous beneficiarios membros da mesma unidade familiar aplicarase unha redución dun 15% da cuota mensual que lle corresponda, sobre o segundo beneficiario.
- Para tres beneficiarios membros da mesma unidade familiar aplicarase unha redución dun 20% da cuota mensual que lle corresponda, sobre o terceiro beneficiario.
- Para catro ou máis beneficiarios membros da mesma unidade familiar aplicarase unha redución dun 25% da cuota mensual que lle corresponda, sobre o cuarto ou máis beneficiarios.

As achegas económicas de carácter mensual estarán en función do tempo disfrutado neste servizo, salvo aquelas circunstancias nas que se modifique o anteriormente escrito pola Comisión Social Avaliadora.

Os pagamentos realízanse a través de transferencia bancaria entre os días 1 e 5 de cada mes nas entidades de Caixanova ou Caixa Galicia do Concello de Nogueira de Ramuín.

No suposto de que, os recibos de estancia mensual resultaran impagados, pasaríase ó cobro por unha segunda vez. No suposto de novo impago, dá dereito á rescisión do contrato por parte do concesionario do servizo, sin perxucio do cobro por vía de apremio dos recibos impagados. En tal caso, darase coñecemento ó usuario/a ou a persoa de quen estea ó cargo, co obxecto de regularizar tal situación, valorándose os motivos polos que non se produce dito pago.

Art.6.- Ingreso dos usuarios/clientes.

No ingreso no centro respetarase a propia vontade dos usuarios ou do seu representante legal. Como requisitos previos ó ingreso teranse en conta os seguintes:

- Autonomía persoal para valerse por si só.
- Situación sociofamiliar, establecendo os graos en que a familia e outras persoas do contorno do posible usuario/a o axudan ou poidan axudar.
- Situación socioeconómica da unidade de convivencia, tomando como base a renda dispoñible mensual.
- Outras situacións e factores máis específicos, como poidan se-la localización, estado e equipamento da vivenda, os recursos dispoñibles no entorno e o acceso a eles.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou que requira atención imprescindible dun centro hospitalario, así como non sufrir trastornos mentais ou conductuais que poidan altera-las normas de convivencia no centro.
- Estar empadroadado no Concello de Nogueira de Ramuín ou limítrofes.

Os usuarios do Centro de Día poden encontrarse nas seguintes situacións:

. De adaptación ou observación: co obxecto de coñece-lo medio onde se vai a desenvolver.

. Fixos: cando xa superaron o período de adaptación ou observación.

O servizo do Centro de Día está dirixido, preferentemente, á poboación maior de 65 anos, sempre e cando este sexa o recurso axeitado segundo a valoración dos profesionais do centro de servizos sociais e do Centro de Día. Pódese iniciar a este tramo de idade a partir dos 60 anos, sempre que sexa avaliado favorablemente pola Comisión Social Avaliadora.

BAREMO I. AUTONOMÍA PERSOAL.

1. Ter algunha eiva que impida a preparación de alimentos de forma continua e estable	0.2
2. Non poder saír da casa sen acompañante	0.2
3. Presentar algún tipo de atención á hixiene básica	0.3
4. Administración de forma continua e controlada na toma de medicamentos	0.3
5. Seguimento nas necesidades de control e revisións médicas	0.3

No caso de darse unha situación non baremada explicitamente neste regulamento a Comisión Social Avaliadora valorará calquera outra circunstancia non baremada e que poida ser obxecto de prestación de asistencia, en consonancia cos criterios do regulamento.

As circunstancias sinaladas neste baremo son acumulables podendo acadar unha puntuación máxima de 1.3 puntos.

BAREMO II. DESATENCIÓN SOCIAL OU FAMILIAR.

1. Carecer de familiares	0.4
2. Non ter familiares residindo cerca	0.2
3. Non ter familiares que se ocupen da súa atención	0.2
4. Non ter familiares con tempo para a súa atención	0.2
5. Non ter familiares con capacidade para a súa atención	0.2
6. A unidade familiar carece de capacidade para a autoorganización	0.4
7. A unidade familiar ten membros dependentes en risco de desatención	0.5
8. Os membros dependentes da unidade familiar están en situación de desatención	1.0
9. A unidade familiar vive unha situación relacional negativa que imposibilita o desenvolvemento autónomo	0.5
10 O cabeza de familia carece de compatibilidade horaria para atender a unidade familiar	0.4
11 O beneficiario ten posibilidades de convivencia alternativa, pero prefire permanecer no seu domicilio sempre e cando a autonomía lle permita un mínimo de calidade de vida	0.2
12 A axuda que recibe de amigos, familiares, veciños é insuficiente para manter unhas condicións mínimas para a permanencia no seu entorno	0.3
13 Non hai outro recurso ou prestación aplicable	0.4

No caso de darse unha situación non baremada explicitamente neste regulamento a Comisión Social Avaliadora valorará calquera outra circunstancia non baremada e que poida ser obxecto de prestación de asistencia, en consonancia cos criterios do regulamento.

As circunstancias contempladas neste baremo non son acumulables polo que se se presentase máis dunha das sinaladas, decidírase a de maior puntuación.

Poderán ser potenciais usuarios os seguintes:

- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha axeitada atención.
- Persoas maiores con certo nivel de dependencia que non teñan a ninguén que os atenda suficientemente e que, con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental, ou por outros motivos que lle fagan precisar da axuda, pero que contén cun mínimo de autonomía persoal para a realización das tarefas diarias básicas.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.

Documentación esixida:

Poderán acceder a este servizo todas aquelas persoas que contén cun mínimo de autonomía e que precisen dalgunha das atencións descritas anteriormente, sempre e cando non presenten enfermidade infecto-contaxiosa ou calquera outra condición que así se estableza na Comisión Social Avaliadora.

Na admisión do Centro de Día observaranse as seguintes regras:

a) A sinatura do contrato de admisión como usuario/a, do interesado ou persoa a cargo de quen se encontre.

- Datos identificativos.
- Aceptación do presente regulamento.

b) Revisión médica, previa á incorporación do usuario/a no Centro de Día, co fin de determinar se cumpre o perfil para acceder ó centro.

Este centro estará obrigado a que o presente regulamento estea exposto a tódolos interesados, así mesmo será entregada unha copia ó usuario-cliente no momento de asina-lo contrato de prestación de servizos no Centro de Día.

Art.12.- Réxime interior.

O centro ten un horario dende as 11.00 a.m. ata as 19.00 p.m. horas.

Durante este horario está incluído o transporte dos usuarios/as dende o domicilio ó centro e regreso de novo ó domicilio.

Durante a xornada prestaranse os seguintes servizos:

- *Aloxamento.* Estancia nas dependencias do Centro de Día, situado na Residencia Xeriátrica “San Martiño” da Fundación San Rosendo, salvo aquelas dependencias destinadas ás habitacións-dormitorio dos propios internos da Residencia Xeriátrica “San Martiño”, estando incluído o mantemento e limpeza del.

- *Manutención.* Comida e merenda, co fin de garanti-las necesidades dietéticas e calóricas, estipulada no prezo que a Fundación “San Rosendo” acorde anualmente segundo a súa regulación interna.

- *Atención especializada de xeriatría e enfermería,* mediante a colaboración da propia ATS da Residencia “San Martiño” e a labor desempeñada pola auxiliar de clínica do centro.

- *Rehabilitación e atención social.* Esta actividade ten por obxecto que o usuario-cliente mellore as aptitudes funcionais, psicolóxicas e psicomotrices, para conseguir fomenta-la súa saúde, previr problemas dexenerativos que orixinen deformidades e fomenta-las capacidades residuais. Deste xeito o usuario-cliente con algún déficit consegue a máxima adaptación a nivel físico, psicolóxico e social de forma que lle permita vivir unha vida tan útil e satisfactoria como lle sexa posible.

- *Terapia ocupacional e outro tipo de actividades.* Normalmente, coa chegada dos 65 anos os maiores rematan a súa actividade laboral e profesional coa conseguinte alteración social. O cambio de fase de actividade ó ocio total acaba producindo un proceso desadaptativo que dexenera en situación de aislamiento e soidade con marxinação social e familiar.

Por iste motivo as actividades de animación con terceira idade intentan crear accións que dean axilidade mental e corporal, nos que eles sexan protagonistas do seu propio proceso, favorecendo entre outros a mellora da autoestima.

- *Servicio de hixiene persoal.*

- *Cafetería.*

- *Sala de TV.*

- *Sala de descanso.*

O réxime de saídas deste centro ten un carácter aberto, agora, o persoal responsable deste centro e da integridade de tódolos usuarios poderá prohibi-la saída de todo aquel usuario que non teña asinada unha autorización polo propio usuario ou persoa de quen estea a cargo o usuario.

Nogueira de Ramuín, 19 de decembro do 2002.

O alcalde.